



SR. .ALCALDE – PRESIDENTE DO ILMO. CONCELLO DE MEIS

M^a Carmen Martínez Rodiño, voceira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Meis,

EXPÓN

Dende o Grupo do BNG na Deputación enviase información puntual ó BNG meisino de temas que poden ser do seu interese, por correo, nun sobre identificado e coa dirección absolutamente clara referente a quen é o destinatario de dito envío.

O pasado 28 de agosto foi depositado no buzón do domicilio particular desta Portavoz, unha documentación dirixida ó BNG en Meis, e con orixe na Deputación. Mais apareceu sen sobre, follas soltas suxeitas cun clip e con selo de entrada no concello de 7 de agosto. É inaudito que apareza esta documentación de xeito semellante, que sexa aberto o sobre por alguén non autorizado para elo, que se lle poña selo do Concello e se deposite nun buzón particular sen aviso nen explicación de ningún tipo e cun clip para suxeitar as distintas follas que compoñen o documento.

Non é a primeira vez que algo así acontece. Xa ten pasado que envíos destinados ó Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego foron abertos nas dependencias municipais, e logo volveuse pechar o sobre do envío con celo ou similar, ou facendo entrega en man a esta voceira dun sobre aberto. Disto xa se presentou queixa formal no rexistro do concello no seu día.

É desprezable, inaudito e tódolos adxectivos que se lle queiran poñer, que alguén teña a ousadía e o atrevemento de abrir a correspondencia que non lle pertence. Non só iso, senón que ademais vulnera os dereitos máis elementais e polo tanto a Lei.

SOLICITA

1. Unha explicación inmediata sobre o acontecido, na debida forma e por escrito.
2. De non darse o mencionado no punto anterior, poñerase en coñecemento de órganos e/ou institucións competentes en depurar responsabilidades e garantir os dereitos que estos actos están a vulnerar de forma grave e sistemática.

En Meis , a 14 de setembro de 2006

Asdo. M^a Carmen Martínez Rodiño
Portavoz do G.M. do BNG en Meis